

2023

INFORME DE ACTUACIÓNS E XESTIÓN

ISSGA



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA

INFORME DE ACTUACIÓNS E XESTIÓN ISSGA 2023

Índice

Introdución.....	3
1. O Issga: definición, regulación e funcións.....	3
1.1 Definición e regulación.....	3
1.2 Funcións.....	5
2. Estrutura e organización.....	7
2.1 Órganos de goberno e executivo.....	7
2.2 Órgano executivo.....	8
3. Recursos.....	11
3.1 Recursos humanos.....	11
3.2 Recursos económicos.....	12
3.3 Instalacións e dotación de medios.....	13
4. Actividade institucional.....	14
4.1 Accións de promoción: campañas, actos de presentación e participación en congresos e outros foros.....	14
4.2 Publicacións.....	18
4.3 Consultas técnicas.....	19
4.4 Formación interna.....	19
4.5 Participación en grupos de traballo.....	20
4.6 Xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades.....	26
5. Relacións con outros organismos.....	29
5.1 Convenios e acordos de colaboración.....	29
5.2 Coordinación con outros organismos da Administración.....	30
6. Actuación técnica.....	31
6.1 Tarefas de investigación e asistencia técnica (Artigo 3, parágrafo 2b da Lei 14/2007).....	31
6.2 Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral.....	34
6.3 Asesoramento (artigo 3 parágrafo 2c Lei 14/2007).....	34
6.4 Accións formativas.....	36
6.5 Hixiene analítica.....	39
6.6 Medicina do traballo.....	41
7. Directorio.....	44

Introdución

Este documento explicativo do traballo realizado no ano 2023 polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) dá resposta ao mandato contido no artigo 13 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto, que dispón a obriga de que con periodicidade anual se elabore unha memoria de actividades da que se dará conta ao Parlamento de Galicia para os efectos de control por parte deste organismo. De igual xeito, o artigo 37 dos estatutos do Instituto, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, establece a elaboración dun informe xeral anual de actuacións e de xestión en que se reflicta con claridade as actuacións desenvolvidas no exercicio precedente.

O Plan de actividades para o 2023 deuse a coñecer na reunión do Consello Reitor, órgano superior colexiado de goberno do Issga, que tivo lugar o día 25 de novembro de 2022 e recolle as principais liñas de actuación e programas máis destacables que tiña que desenvolver o organismo nese período. Debe poñerse en valor que neste órgano, ademais da autoridade laboral, sanitaria e mineira da Xunta de Galicia, teñen presenza cualificada os interlocutores sociais, en concreto as organizacións sindicais (UGT-Galicia, SN de CCOO de Galicia, CIG e CSIF Galicia) e empresarial (CEG).

Todo o anterior e os traballos futuros deben enmarcarse no mandato legal que encarga ao Issga a xestión e a coordinación que nas distintas disciplinas preventivas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina do traballo) estableza a Xunta de Galicia para a mellora das condicións laborais co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

Este informe, ademais de para dar cumprimento do disposto nas normas mencionadas, evidencia a total transparencia nos obxectivos, nas actuacións e nos resultados acadados, a transversalidade das funcións atribuídas ao Issga polo seu labor de coordinación con outras unidades administrativas e a participación dos interlocutores sociais.

Preténdese tamén con este resumo de actividades no eido da seguridade e a saúde no traballo servir de promoción e de impulso para reforzar o compromiso de todos os actores implicados nas relacións laborais e para o fortalecemento do Issga como órgano técnico na materia que co seu traballo asente a planificación e xestión preventiva dos riscos como alternativa á sinistralidade (accidentes de traballo e enfermidades profesionais) e a mellora continua das condicións de traballo para acadar un traballo máis seguro e de máis calidade na sociedade galega.

1. O Issga: definición, regulación e funcións

1.1 Definición e regulación

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) configúrase como o órgano técnico e transversal da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais. De

acordo co disposto no Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, o Issga está adscrito a esta consellería como organismo autónomo.

O Instituto regúlase na Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, modificada pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Por outra banda o Decreto 165/2014, do 11 de decembro (DOG Núm. 1, do 02/01/15), aproba os seus estatutos. O inicio de actividades deste organismo tivo lugar o día 1 de xullo de 2008. A Orde do 15 de setembro de 2023 pola que se nomean vogais do Consello Reitor do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia modifica as anteriores ordes do 13 de outubro de 2021, do 16 de outubro de 2020 e do 12 de decembro de 2019 que designan as persoas que ocuparán as vogalías do órgano superior colexiado de goberno.

De acordo co disposto no artigo 3 da Lei 14/2007, correspóndelle ao Instituto a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

O Issga ten a súa sede na cidade de Santiago de Compostela, e conta cun centro territorial en cada unha das catro provincias galegas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Estes centros configúranse como órganos do Instituto aos que lles corresponde o desenvolvemento das funcións propias deste o seu ámbito territorial.

O Instituto estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade das persoas traballadoras, respecto dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo. Na súa actuación inclúe especificamente as cooperativas de traballo asociado e as demais cooperativas en relación cos seus socios e socias de traballo. Así mesmo leva a cabo actividades de promoción da prevención de riscos laborais en relación cos traballadores e as traballadoras por conta propia e co conxunto da poboación, prestándolles especial atención ás actividades de prevención dirixidas ás pequenas e medianas empresas (pemes) e ás microempresas.

Para o cumprimento dos seus fins, o Instituto:

- Desenvolve accións de información, divulgación e formación, en materia preventiva.
- Realiza o asesoramento e o control das accións técnico-preventivas, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dirixidas á diminución dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais que se realicen nas empresas para elevar a protección da seguridade e a saúde dos traballadores e das traballadoras.
- Préstalles ás empresas, con especial atención ás pemes e microempresas, ás persoas traballadoras, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

- Realiza o seguimento, coordina e promove a colaboración de accións en materia de prevención de riscos laborais dos diferentes departamentos da Administración autonómica, así como con aqueles organismos estatais e internacionais orientados aos mesmos fins.
- Fomenta a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal no ensino regrado e non regrado.

1.2 Funcións

De acordo coa súa lei de creación e cos seus estatutos, correspóndelle ao Issga o exercicio das seguintes funcións:

- a) Analizar, investigar e avaliar as causas e os factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, establecendo un carácter sectorial e territorial, abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.
- b) Coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral e condicións de traballo.
- c) Elaborar, promover e desenvolver programas de investigación sobre métodos e técnicas de seguridade e saúde no traballo.
- d) Promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de prever as posibles situacións nas que os danos derivados do traballo poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras.
- e) Asesorar tecnicamente para a elaboración e a reforma da normativa en materia de seguridade e saúde no traballo e mais elaborar recomendacións sobre condicións de traballo dos grupos especiais de risco.
- f) Prestarlles colaboración, asesoramento técnico coordinación á autoridade laboral, á Inspección de Traballo e Seguridade Social e mais ás autoridades xudiciais e as institucións públicas que o demanden.
- g) Efectuar plans e cursos de formación e accións informativas en relación coa seguridade e a saúde laboral.
- h) Apoiar e promover as actividades desenvolvidas polo empresariado e persoal traballador e as súas respectivas organizacións representativas, en prol da mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, da investigación e o fomento de novas formas de protección e mais da promoción de estruturas eficaces de prevención.
- i) Estudar e vixiar as condicións de traballo que poidan resultar nocivas ou insalubres durante os períodos de embarazo e lactación da muller traballadora, para acomodar no caso necesario a súa actividade laboral a un traballo compatible durante os períodos referidos.

- j) Programar e realizar controis xerais e sectoriais sobre niveis de seguridade, hixiene e condicións de saúde nas empresas, coa prestación a estas e ás persoas representantes legais dos traballadores e das traballadoras do asesoramento pertinente e a comunicación das correccións necesarias que se deban efectuar para elevar os devanditos niveis.
- k) Efectuar estudos, informes e asesoramento técnico sobre postos, locais e centros de traballo, materias primas e produtos intermedios e finais, na medida en que poidan supor riscos para a saúde dos traballadores e das traballadoras.
- l) Asesorar e avaliar o funcionamento dos órganos técnicos das empresas en materia de seguridade, hixiene e saúde laborais.
- m) Efectuar os informes técnicos para a acreditación ou a autorización dos servizos de prevención alleos, entidades formativas e persoas ou entidades especializadas para levar a cabo auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención, agás nas materias que son competencia da Administración sanitaria, e o seguimento das súas actuacións, coa comunicación á autoridade laboral das desviacións observadas.
- n) Participar na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral en coordinación coa autoridade sanitaria no ámbito estratéxico e operativo e mais, de ser o caso, elaborar coa autoridade sanitaria un mapa de riscos laborais que sirva de instrumento para planificar a debida política de prevención.
- o) Prestarlle á Administración sanitaria asesoramento e asistencia técnica na autorización e na verificación do mantemento das condicións da autorización sanitaria dos servizos de prevención propios e alleos e mais na avaliación da súa actividade sanitaria.
- p) Colaborar coa consellaría competente en materia de seguridade industrial e mineira no que poida afectar a seguridade e a saúde do persoal traballador.
- q) Colaborar coa autoridade educativa, a universidade e os centros de investigación para implantar en todos os ciclos e niveis formativos programas educativos de prevención de riscos laborais.
- r) Colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras administracións públicas, entidades públicas e privadas e corporacións locais.
- s) Colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social nas actuacións referentes ás condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde laboral e mais nas de comprobación e control, de ser o caso.
- t) En xeral, coordinarse coas consellarías con competencias concorrentes en materia de seguridade e saúde no traballo, así como co Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST) e coa Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST).
- u) Actuar, con especial dedicación ás pemes, en programas de prevención de riscos e promoción da seguridade no traballo.

- v) Estudar as posibles patoloxías derivadas da actividade laboral con máis incidencia en Galicia.
- w) Levar a cabo cantas outras funcións sexan necesarias para o cumprimento dos fins de prevención e promoción da seguridade e da saúde no traballo nos termos establecidos na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

2. Estrutura e organización

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Issga, desenvolve a estrutura e organización deste organismo autónomo, e os seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, establecen a estrutura orgánica e funcional dos seus órganos de goberno e executivos.

De acordo co disposto no Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, o Issga está adscrito a esta consellería como organismo autónomo.

2.1 Órganos de goberno e executivo

2.1.1 Presidencia

A Presidencia do Instituto é o órgano unipersoal de goberno e corresponde a persoa titular da consellería competente en materia de traballo.

As súas funcións, recollidas no artigo 9 do citado decreto, son:

- a) Desempeñar a representación do Consello Reitor e a representación do Instituto, incluíndo as actuacións fronte a terceiros relativas aos seus bens e dereitos patrimoniais, así como a subscripción dos convenios e acordos de colaboración.
- b) Efectuar a designación e a destitución da persoa titular da Xerencia do Instituto.
- c) Presidir e convocar o consello Reitor, co desempeño de todas as demais competencias que lle correspondan como presidente do órgano colexiado.
- d) Autorizar os gastos necesarios e ordenar os pagamentos correspondentes do Instituto.
- e) Actuar como órgano de contratación e exercer a dirección superior do persoal do Instituto.
- f) Velar polo cumprimento das leis e pola execución dos acordos adoptados polo Consello Reitor.
- g) Dar conta, se é o caso, a outras consellerías dos acordos adoptados polo Consello Reitor.
- h) Impulsar e supervisar as actuacións do organismo.

2.1.2 Consello Reitor

O Consello Reitor é o órgano superior colexiado de goberno do instituto. Os seus membros, agás os designados por razón do seu cargo, foron nomeados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, por proposta das consellerías e

das organizacións sindicais e empresarial, conforme a composición definida no artigo 11 do Decreto 165/2014.

2.2 Órgano executivo

2.2.1 Xerencia

A Xerencia é o órgano executivo do Instituto, responsable da xestión ordinaria deste.

Corresponde á Xerencia:

- a) Asistir a Presidencia do Consello Reitor no exercicio das súas funcións.
- b) Levar a cabo o asesoramento e os informes que lle solicite a Presidencia do Instituto.
- c) Elaborar o proxecto do plan anual de actividades, que incluírá as actuacións técnicas e a súa planificación temporal, e elevalo ao Consello Reitor.
- d) Elaborar a proposta de relación de postos de traballo do Instituto.
- e) Exercer a xefatura e dirección do persoal adscrito ao organismo.
- f) Elaborar as contas e o anteproxecto de orzamento para a súa presentación ao Consello Reitor.
- g) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar as unidades adscritas ao Instituto e ditar as disposicións, instrucións e circulares relativas ao seu funcionamento.
- h) Elaborar o informe anual coa relación de todas as actividades do Instituto para a súa aprobación polo Consello Reitor e remitilo ao Parlamento para o exercicio do control parlamentario.
- i) Proporcionar e recibir das consellerías con competencias concorrentes en materia de seguridade e saúde laboral tanta información sexa precisa para o desenvolvemento das funcións en materia de seguridade e saúde laboral.
- j) Establecer a coordinación necesaria para garantir a cooperación institucional con todas as administracións na materia de prevención de riscos laborais.
- k) Desenvolver as actuacións de colaboración técnica coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- l) Colaborar coa Administración laboral, sanitaria, mineira, industrial e outras que o soliciten por razón da materia.
- m) Facilitarlle ao Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral tanta información sexa precisa para o desenvolvemento das súas funcións e asistir ás súas reunións.
- n) Exercer as facultades non atribuídas especificamente a outros órganos do Instituto.
- o) Calquera outra que poida serlle asignada pola normativa aplicable ou que lle delegue ou encomende a persoa titular da Presidencia do Instituto ou o Consello Reitor.

2.2.2 Subdirección Xeral de Administración e Persoal

Corresponde á Subdirección Xeral de Administración e Persoal:

- a) Executar o orzamento do Instituto.
- b) Efectuar a tramitación económico-administrativa dos expedientes de gasto e as propostas de pagamento e a xestión dos expedientes de contratación.
- c) Efectuar a habilitación de pagamentos e adquisición, xestión e control de medios materiais para o funcionamento ordinario do Instituto.
- d) Elaborar os informes de carácter económico ou administrativo que lle solicite a Xerencia.
- e) Xestionar os asuntos de réxime interior, rexistro, documentación administrativa, arquivo e inventario.
- f) Analizar, avaliar e elaborar as propostas de desenvolvemento normativo que correspondan ao Instituto.
- g) A coordinación da tramitación administrativa para a publicación dos acordos e convenios de colaboración que subscriba o Instituto.
- h) Coordinar coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica a xestión da rede e das aplicacións informáticas do Instituto.
- i) Realizar a xestión de persoal e nóminas e a coordinación do sistema de xestión de procedementos administrativos e outras cuestións de contido administrativo que lle atribúa a Xerencia.
- j) Levar a cabo a xestión de asuntos xerais tales como mantemento das instalacións ou vehículos adscritos.
- k) Practicar o seguimento e supervisión das actuacións económicas, administrativas e de persoal dos centros territoriais.
- l) Coordinar a publicación no Diario Oficial de Galicia e demais diarios ou boletíns oficiais das disposicións ou actos ditados polo Instituto.
- m) Prestar apoio para a elaboración tanto do plan anual de actividades como do informe anual das actividades realizadas no que se refire aos datos de xestión interna e dos asuntos propios da Subdirección.
- n) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia.

2.2.3 Subdirección Xeral Técnica e de Planificación

Corresponde á Subdirección Xeral Técnica e de Planificación:

- a) Elaborar o borrador do plan anual de actividades técnicas de acordo coas instrucións da Xerencia.
- b) A elaboración da proposta do informe anual das actividades.
- c) Planificar, coordinar e supervisar, con carácter xeral, as actuacións técnico-preventivas, incluídas as que executen nos centros territoriais, de acordo coas políticas establecidas e as actividades planificadas.
- d) Desenvolver as actuacións de colaboración técnica coa autoridade laboral e de apoio técnico e colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- e) Executar as actuacións de colaboración técnica con outras unidades con competencia en materia de seguridade e saúde laboral, especialmente coa autoridade laboral, sanitaria e mineira.

- f) Realizar o seguimento das actuacións de colaboración técnica con outros organismos públicos.
- g) Coordinar a participación técnica en grupos de traballo no ámbito estatal e autonómico.
- h) Levar a cabo a elaboración, control e seguimento dos acordos e convenios de colaboración.
- i) Impulsar a execución e coordinar as accións planificadas dos técnicos habilitados consonte o establecido no Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e o Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo.
- j) Elaborar os informes de carácter técnico que lle solicite a Xerencia.
- k) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Subdirección Xeral Técnica e de Planificación conta coa unidade administrativa Servizo Técnico e de Planificación.

2.2.4 Centros territoriais do Issga

No desenvolvemento das funcións do Issga, especialmente das de carácter técnico, é fundamental a actividade dos seus centros territoriais, que actúan como instrumentos de asesoramento, control e asistencia técnica das actividades en materia de prevención de riscos laborais, ao tempo que acollen actividades formativas e desenvolven labores de información.

Estes centros configúranse como órganos de ámbito territorial provincial do Instituto en cada unha das provincias aos cales lles corresponde o desenvolvemento das funcións propias deste no seu ámbito territorial.

Existe un centro territorial do Issga en cada unha das catro provincias galegas. A xefatura dos centros territoriais ten nivel de xefatura de servizo, e exerce as súas funcións baixo a dependencia xerárquica da Xerencia e funcional de cada unha das subdireccións xerais.

Corresponden á xefatura do centro, dentro do seu ámbito territorial, as seguintes funcións:

- a) Impulsar, coordinar e supervisar o funcionamento de todas as unidades do centro para dar cumprimento ao plan anual de actividades.
- b) Realizar a coordinación das distintas actividades e o control da súa execución e cantas outras accións sexan necesarias para o mellor cumprimento do plan anual de actividades, que incluírá a presentación periódica á Xerencia do Instituto dos resultados acadados, tanto cualitativos como cuantitativos.
- c) Manter, dentro da planificación establecida, a colaboración do centro con calquera outro órgano ou institución de ámbito provincial para garantir a coordinación das accións en materia de prevención de riscos laborais.

- d) Presentar á Xerencia do Instituto propostas de actuacións técnicas e de carácter administrativo.
- e) Xestionar e tramitar electronicamente a notificación dos partes de accidentes de traballo, así como cursar a notificación das enfermidades profesionais e daquelas que, sen seren profesionais, teñen a súa orixe no traballo.
- f) Efectuar a organización e o control da xestión económica e do persoal adscrito ao centro, seguindo as instrucións e baixo a coordinación da Subdirección Xeral de Administración e Persoal.
- g) Dar cumprimento á investigación rápida e eficaz dos accidentes de traballo en coordinación coa autoridade laboral provincial, a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, servizos de emerxencia e fiscalía, dando conta de cada actuación á Dirección do Instituto.
- h) Garantir a colaboración, se é o caso, do persoal técnico do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia cos tribunais de xustiza.
- i) Cantas outras relacionadas con competencias do Instituto no ámbito territorial do centro ou que se lle encomende a Xerencia do Instituto.

Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa xustificada, as ditas funcións serán suplidas na totalidade das súas atribucións polas persoas responsables das unidades establecidas nos estatutos do Issga e na orde de precedencia en que estas veñen referenciadas.

3. Recursos

3.1 Recursos humanos


Para a xestión das súas funcións, o Issga conta, na súa relación de postos de traballo, cun total de 125 postos, dos que un 90,4% é persoal funcionario e un 9,6% é persoal laboral. O 84% localízase nos centros territoriais e o 16% na sede do Instituto en Santiago de Compostela.

A creación do instituto e a posta en marcha da súa estrutura orgánica e unidades administrativas supuxo a necesidade de creación de determinados postos de traballo que, xunto coa integración do persoal dos centros provinciais, deu lugar a unha modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Traballo e Benestar que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2008 e publicada no DOG do 14 de novembro; esta relación de postos de traballo foi modificada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2019, publicado no DOG núm. 43, do 1 de marzo, co obxecto de adaptar os postos de traballo aos corpos e escalas de seguridade e saúde laboral previstas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e creadas pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Issga.

Centro de traballo	Persoal funcionario	Persoal laboral	Total
Santiago de Compostela	20	0	18
A Coruña	29	5	34
Lugo	16	2	18
Ourense	14	2	16
Pontevedra	34	3	37
Total	113	12	125

No seguinte cadro indícanse os postos ocupados respecto dos existentes en RPT.

	Nº postos RPT	Nº postos ocupados
Santiago de Compostela	20	16
A Coruña	34	26
Lugo	18	17
Ourense	16	14
Pontevedra	37	25
Total	125	98



Na sede do Issga en Santiago de Compostela, a través da Subdirección Xeral de Administración e Persoal, realízanse as tarefas propias da xestión do persoal: tomas de posesión e cesamentos, comisións de servizo, xubilacións, redacción dos contratos do persoal laboral e prórrogas, vacacións, licenzas e permisos; xestión das altas e baixas na Seguridade Social, incapacidades temporais, partes de alta, baixa e confirmación, etc.

3.2 Recursos económicos

O orzamento do Issga vén dado pola correspondente transferencia de crédito da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O importe transferido correspóndese co orzamento de ingresos do que o Instituto dispón para a execución das súas actuacións durante o exercicio económico do 2023, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade dos servizos centrais e dos centros territoriais e investimentos de carácter material e inmaterial, así como para o cumprimento das accións incluídas no Plan anual de actividades do Instituto.

As contías no ano 2023 foron as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS	
CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.944.522 €
CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	481.901 €
TOTAL	7.426.423 €

ORZAMENTO DE GASTOS	
CAPÍTULO I. GASTOS PERSOAL	5.920.919 €
CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	1.023.603 €
CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS:	481.901 €
TOTAL	7.426.423 €

3.3 Instalacións e dotación de medios Contratación

Ao Instituto correspóndelle a xestión dos expedientes de contratación incluídos dentro do ámbito da súa competencia. No ano 2023 participou nos seguintes procedementos de contratación centralizada:

- Contrato para a subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) polo procedemento negociado e suxeito a regulación harmonizada.
- Contrato para a subministración sucesiva, suxeita a regulación harmonizada, por prezos unitarios e a través de tarxetas con soporte magnético, de carburantes para vehículos e o servizo de telepeaxe e pago en autoestradas, lavado en máquinas de autolavado e o pagamentos dos servizos de aparcamento a través de dispositivos OBE, para os vehículos dos parques móbiles centrais e sectoriais da Xunta de Galicia.
- Contratos para a subministración de combustible de calefacción, gasóleo C, aos centros de consumo da Redexga, entre os que están os centros territoriais do Issga na Coruña e en Ourense.
- Contrato de servizos postais, telegráficos e de paquetería na administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, outras entidades do sector público de Galicia e outros órganos e administracións adheridos a esta contratación centralizada.

- 6º contrato derivado_Subministración e xestión integral de medios de dixitalización e impresión de documentos en varios edificios administrativos na contorna de Santiago de Compostela
- 8º contrato derivado_Subministración e xestión integral de medios de dixitalización e impresión de documentos en centros da Xunta de Galicia, para cobertura de varios edificios administrativos na Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña e Ferrol (Edificio administrativo Monelos e outros)

Instalacións e equipamento

Respecto das instalacións e equipamento do Issga realizáronse as seguintes actuacións:

No centro da Coruña:

- Subministración tensiómetro
- Subministración fonendo/s
- Subministración dun analizador de hematoloxía

No centro de Lugo:

- Subministración tensiómetro
- Protección magnetotérmica e tomas de terra en báculos das farolas

No centro de Ourense:

- Subministración tensiómetro
- Subministración fonendo/s
- Cambio a LED do alumeadado do edificio

No centro de Pontevedra:

- Subministración tensiómetro
- Subministración fonendo/s
- Subministración de transformador eléctrico
- Substitución liña alta tensión e cambio trazado

En servizos centrais:

- Seguimos co contrato de alugueiro do local sito na avenida Fernando Casas Novoa, Edificio 35, 3º que ocupa o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e gastos asociados

4. Actividade institucional

4.1 Accións de promoción: campañas, actos de presentación e participación en congresos e outros foros

Leváronse a cabo distintas accións de promoción, divulgación e sensibilización:

- Escola Galega de Prevención

A Escola Galega de Prevención é un espazo educativo específico para a introdución dos contidos sobre a prevención de riscos laborais na poboación escolar de Galicia e tamén a disposición do público en xeral. É un reforzo para a aprendizaxe de hábitos e actitudes cara a saúde e seguridade no traballo no futuro.

A escola inclúe un itinerario de riscos no fogar, na rúa, na escola e no traballo futuro para achegar a mensaxe da prevención aos nenos e nenas galegas. Co deseño de actividades en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para escolares de educación primaria, constitúe unha actividade para inculcar e espallar nas primeiras idades a vocación preventiva dun xeito didáctico, ameno e divertido e que os rapaces aprendan a integrar a prevención no día a día e actúen de correo de transmisión desta concienciación cara aos seus maiores.

A este espazo da escola de prevención en Pontevedra súmase a situada no centro territorial do Issga na Coruña co obxecto de reforzar e inculcar a cultura da prevención de riscos laborais a través dun percorrido que sintetiza disciplinas como a seguridade no traballo, a hixiene industrial, a ergonomía e psicolosocioloxía, así como a medicina no traballo.

Durante o 2023 realizáronse diversas actuacións nas que participaron 69 nenas e nenos.

- **Aula de Prevención de Risco Eléctrico**

A Aula de Prevención de Risco Eléctrico ten por obxecto fundamental mellorar a formación e habilidades prácticas sobre risco eléctrico. A dotación de equipos e medios auxiliares desta aula permiten unha explicación práctica dos materiais e equipos utilizados nas tarefas habituais que deben realizarse na reparación e mantemento das instalacións eléctricas en alta tensión nun entorno seguro así como a simulación de sistemas de posta a terra e da arquitectura dunha rede eléctrica de media tensión e a súa posterior transformación e distribución en baixa tensión.

O coñecemento e aplicación correcta e sistematizada dos métodos de traballo en instalacións eléctricas é a principal vía para garantir que os traballos se realizan en óptimas condicións de seguridade.

Durante o 2023 realizáronse diversas actuacións nas que participaron 37 alumnos e alumnas.

- **Presentación da campaña "ISSGA_Órgano técnico especializado en PRL e promoción da saúde no traballo" co obxecto de dar a coñecer as principais funcións e actuacións do instituto e a posta a disposición do tecido empresarial galego**

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro

- **Participación técnica e institucional no "16º Salón de Prevención e Seguridade Laboral de Galicia" (PREVISEL)**

Ourense, 22 e 23 de marzo

- **Presentación da campaña "Prevención de riscos nas escadas_Non caias da escada" coa finalidade de reducir a accidentabilidade laboral derivada das caídas de altura cando se realizan traballos nos que se utilicen as escadas**

Ourense, 22 de marzo

- [Presentación da campaña "Riscos en carpintarías de madeira_Non te cortes"](#) centrada na prevención dos accidentes por cortes e atrapamentos na utilización das máquinas de uso máis común nesta actividade

Ourense, 22 de marzo

- [Encontro e obradoiro formativo en colaboración coa Asociación de Mulleres na Pesca \(Anmupesca\)](#) para abordar as enfermidades profesionais das traballadoras do mar

Santiago de Compostela, 24 de marzo

- [Participación no V Congreso Internacional de Seguridade e Saúde no Traballo en Bilbao](#) e organizado polo Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laboral do Goberno Vasco con motivo do seu 30º aniversario

Bilbao, 24 e 25 de abril

- [Participación na Campaña internacional para promover o traballo seguro, saudable e decente con motivo do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo](#). Este ano baixo o lema "Unha contorna de traballo segura e saudable é un principio e un dereito fundamental no traballo"

Web do Issga, 28 de abril

- [Participación no Foro Técnico de PRL](#) organizado pola Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña

Arteixo, 28 de abril

- [Participación na xornada "As novas formas de traballo. O teletraballo e os seus riscos laborais"](#) celebrada na Facultade de Ciencias do Traballo do Campus Ferrol-Esteiro e organizada en colaboración coa Universidade da Coruña e a Asociación de Graduados Sociais de Ferrol

Ferrol, 9 de maio

- [Participación na xornada «A saúde mental e a súa relación co traballo»](#) organizada polo S.N. de CCOO de Galicia

Santiago de Compostela, 12 de maio

- [Participación na XIII edición do Congreso de prevención de riscos laborais en Iberoamérica \(Prevencia 2023\)](#) organizado pola Organización Iberoamericana da Seguridade Social (OISS)

Santiago de Compostela, 1 e 2 de xuño

- [Participación no VIII Encontro da Rede Española de Empresas Saudables](#) co-organizado co Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST)

Cenlle, 9 de xuño

Informe xeral de actuacións e de xestión 2023

- Presentación da campaña "Traballo e calor" coa finalidade de sensibilizar fronte aos riscos relacionados coas altas temperaturas e coa radiación solar nas contornas laborais

Santiago de Compostela, 25 de xullo

- Presentación da campaña "Alerta ISSGA_Recomendacións preventivas de actuación nos traballos de tala e roza no monte" co obxecto de fomentar a concienciación no sector forestal sobre a perigosidade asociada a estes postos de traballo

Web do Issga, 26 de xullo

- Presentación da "Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027", documento elaborado polo Issga e que contou co consenso dos interlocutores sociais coa finalidade de sentar as bases para crear contornas de traballo seguras, saudables e sustentables e atender ás necesidades e enfrontar os riscos ante a transformación do mercado laboral

Santiago de Compostela, 4 de outubro

- Participación no 13º Congreso Internacional e 17º Nacional de Ergonomía e Psicosocioloxía organizado pola Asociación Asturiana de Ergonomía (PREVERAS)

Xixón, 9 e 10 de novembro

- Participación no Foro técnico de PRL sobre os retos de futuro da seguridade e saúde no traballo organizado pola Comunidade de Propietarios do Polígono de Bergondo (CPPB) en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña

Bergondo, 13 de novembro

- Participación no 7º Congreso sobre prevención e seguridade industrial 4.0 baixo o lema "A intelixencia artificial" organizado polo Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais (CGETI) e a Asociación de Profesionais da Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Aprosal)

Vigo, 16 de novembro

- Participación no II Congreso de Igualdade e Recursos Humanos dos Servizos Públicos de Saúde organizado polo Servizo Galego de Saúde (Sergas)

Vigo, do 29 de novembro ao 1 de decembro

- Participación no 4º Foro técnico de PRL sobre a cultura do benestar laboral na empresa organizado pola Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña

Arteixo, 30 de novembro

- Participación nas XXVI Xornadas da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais baixo o lema «O futuro da seguridade e a saúde no traballo escríbese hoxe» organizadas pola Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais

Lugo, 12 de decembro

4.2 Publicacións

Ao longo do ano o Issga publicou unha serie de documentos que se poden descargar da súa páxina web en formato dixital.

- **Plan de actuación Issga 2023**

Comprende as principais liñas de traballo e actuacións técnicas do Issga para o ano 2023.

- **Informe de actuación e xestión Issga 2022**

Informe das actividades realizadas polo instituto durante todo o ano 2022.

- **Anuario de sinistralidade laboral en Galicia 2022**

Monografía dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2022.

- **ISSGA_Órgano técnico especializado en PRL e promoción da saúde no traballo"**

Documentos informativos en formato cartel e calendario para presentar unha campaña co obxecto de dar a coñecer as principais funcións e actuacións do instituto e a posta a disposición do tecido empresarial galego.

Soportes da campaña: cartel e calendario

- **Prevención de riscos nas escadas_Non caías da escada**

Documento técnico e documentos informativos en formato tríptico e cartel coa finalidade de reducir a accidentabilidade laboral derivada das caídas de altura cando se realizan traballos nos que se utilicen as escadas.

Soportes da campaña: documento técnico, tríptico e cartel divulgativo

- **Prevención de riscos en carpintarías de madeira_Non te cortes**

Documento técnico e documentos informativos en formato cuadríptico e cartel centrados na prevención dos accidentes por cortes e atrapamentos na utilización das máquinas de uso máis común nesta actividade.

Soportes da campaña: documento técnico, cuadríptico e cartel divulgativo

- **Traballo e calor**

Documentos informativos en formato cartel e tríptico coa finalidade de sensibilizar fronte aos riscos relacionados coas altas temperaturas e coa radiación solar nas contornas laborais e como evitar danos nos traballos ao aire libre durante o verán, así como que facer ante un golpe de calor.

Soportes da campaña: tríptico e cartel divulgativo

- **Alerta ISSGA_Recomendacións preventivas de actuación nos traballos de tala e roza no monte**

Documentos técnicos elaborados polo grupo de traballo técnico de prevención de riscos laborais no sector forestal do Issga co obxecto de fomentar a concienciación no sector forestal sobre a perigosidade asociada a estes postos de traballo.

Soportes da campaña: documentos técnicos

- **Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027**

Marco estratéxico e instrumento a medio prazo para desenvolver de forma ordenada e eficaz as políticas do Goberno galego en materia de prevención de riscos laborais (PRL) e promoción da saúde no traballo (PST)

4.3 Consultas técnicas

O Issga ten establecido un protocolo de resposta ás consultas técnicas que os cidadáns poden formular. Este protocolo pretende dar resposta ás consultas que entran no Issga, cun criterio común e un límite de tempo establecido para garantir un estándar de calidade neste servizo.

Consultas recibidas

627

Ademais destas consultas técnicas, o Issga tamén dá resposta a outro tipo de cuestións relacionadas cos cursos programados e coa dispoñibilidade de material didáctico ou solicitudes de publicacións e outro material impreso.

4.4 Formación interna

Ao longo do ano 2023 realizáronse as seguintes accións formativas de actualización e mellora para os técnicos do Issga:

- **O radon no ámbito laboral_EGAP**

Obxecto: dar a coñecer tanto nos perigos do radon, estudos realizados e solucións para reducir os niveis en interiores, como as implicacións e responsabilidades legais para os centros de traballo e as competencias e actuacións das diferentes administracións e dos servizos de prevención.

- **Técnicas e sistema de seguridade no uso de escadas e en traballos en altura_EGAP**

Obxecto: ofrecer coñecementos, entre outros, sobre os requisitos regulamentarios, aspectos técnicos, a tipoloxía de equipos de traballo e medios de protección que

permitan planificar e abordar, cos niveis de seguridade adecuados, os traballos temporais en altura.

- **Mindfulness e compaixón: aprendendo a parar, regular e conectar**

Obxecto: deseñado cun enfoque experiencial para axudar ás persoas participantes a intensificar a súa concentración, a xestionar as tensións diarias e a mellorar a súa capacidade de recuperación.

4.5 Participación en grupos de traballo

4.5.1 Grupos de traballo de ámbito autonómico

DO CONSELLO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

No seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, acórdase a constitución de grupos técnicos de traballo co fin de contribuír á mellora das condicións de traballo e á prevención dos riscos específicos relacionados con cada un dos grupos de traballo, establecendo medidas de asistencia e apoio ás empresas.

Grupo de traballo Estratexia Galega SST 23-27

Finalidade: elaboración da estratexia actual que atende aos novos riscos derivados da transformación do mundo do traballo, sen descoidar os riscos tradicionais, con 6 obxectivos, liñas de actuación e medidas.

Grupo de traballo de amianto

Finalidade: facer un seguimento do grao de cumprimento da normativa sobre amianto na nosa comunidade, e propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa, ou mesmo impulsar iniciativas xa postas en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas. As actuacións, dirixidas a diferentes colectivos e sectores se é o caso, poderán ser de tipo informativo, de asesoramento, ou de estudo/investigación para a mellora das medidas técnicas de prevención e protección nos traballos con amianto.

Grupo de traballo de sílice cristalina respirable

Finalidade: seguimento do grao de cumprimento da normativa aplicable en materia de prevención de riscos laborais nos traballos con maior exposición a po de sílice na nosa comunidade autónoma. Propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa e dos métodos de avaliación da exposición, sen deixar de lado outros riscos hixiénicos aos que está exposto este sector. Impulsar iniciativas xa postas en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas dirixidas a estes mesmos fins.

Grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral

Finalidade: seguimento, avaliación e impulso das medidas de prevención de riscos naqueles sectores que presentan maiores índices de sinistralidade laboral na nosa comunidade autónoma. É o caso de ámbitos como a construción, a pesca, a industria, o agro, o forestal, os servizos, a xardinería ou os talleres de reparación de automóviles, entre outros.

DO INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

Comisión para a integración da igualdade

De acordo co artigo 29 dos estatutos do Issga, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2015), o Instituto conta cunha comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos.

A súa finalidade é propoñer as directrices de avaliación do risco para a saúde da traballadora embarazada, que dese a luz recentemente ou en período de lactación; asesorar as actuacións especiais en materia de prevención de riscos sobre sectores laborais feminizados que realice a Administración pública autonómica e atender as peticións de asesoramento que reciba, para o que se facilitarán os criterios e as alternativas para unha correcta aplicación da prevención de riscos laborais.

Grupo de traballo do persoal técnico habilitado

Finalidade: posta en común e mellora dos procedementos e metodoloxía empregada na tramitación dos expedientes do persoal técnico habilitado. Revisión da instrución interna de traballo e dos modelos documentais.

Grupo de traballo de investigación de accidentes

Finalidade: establecer un foro de debate entre o persoal técnico do Issga que desenvolve actuacións de investigación de accidentes que contribúa á mellora do procedemento de traballo seguido. Posta en común das investigacións de accidentes que se consideren máis relevantes ou de interese para o grupo.

Grupo de traballo do sector forestal

Finalidade: elaboración de documentos formativos e informativos sobre condicións de traballo seguras no sector.

Grupo de traballo de seguimento do sistema informático de xestión integral das actuacións técnicas do Issga - SESAL

Finalidade: posta en marcha de programas, proposta de melloras e revisión de incidencias da aplicación SESAL.

Grupo de traballo de coordinación nos procedementos e comprobacións nos traballos con exposición a amianto

Finalidade: posta en común para coordinación e mellora dos procedementos e comprobacións nos traballos con exposición a amianto.

4.5.2 Grupos de traballo de ámbito estatal

COMISIÓN NACIONAL DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST) é o órgano colexiado asesor das administracións públicas na formulación das políticas de prevención e o órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo (artigo 13 da Lei de prevención de riscos laborais).

Para o desempeño dos seus labores, a CNSST funciona en pleno, en comisión permanente e en grupos de traballo, conforme a normativa que establece o seu regulamento de funcionamento interno.

É de destacar a intensa actividade dos grupos de traballo, grazas á cal se presentaron ao pleno propostas e documentos de traballo que abordan a situación dea prevención de riscos laborais en diferentes sectores de actividade e, propoñen á súa vez, medidas tendentes á mellora das condicións de seguridade e saúde dos traballadores.

Estes son os grupos de traballo nos que traballa algún membro do Isga representando á nosa comunidade autónoma:

Pleno da CNSST

Finalidade: asesoramento ás Administracións Públicas na formulación das políticas de prevención e participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo segundo o artigo 13 da LPRL.

Comisión permanente da CNSST

Finalidade: asesoramento ás Administracións Públicas na formulación das políticas de prevención e participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo segundo o artigo 13 da LPRL.

Grupo de traballo da Estratexia española de seguridade e saúde no traballo

Finalidade: seguimento das accións incluídas na Estratexia española de seguridade e saúde no traballo e avaliación do cumprimento dos seus obxectivos.

Grupo de traballo de amianto

Finalidade: estudo da evolución da situación española sobre riscos e patoloxía por amianto, así como ao seguimento sobre o cumprimento e a eficacia do preceptuado pola normativa sobre amianto, para o que se propón a adopción de medidas sobre a prevención fronte aos devanditos riscos ou, no seu caso, a modificación e actualización da citada normativa.

Grupo de traballo de traballadores autónomos

Finalidade: estudo e análise das actividades con maior risco de sinistralidade do traballador autónomo, análise dos criterios para a elaboración de datos estatísticos sobre sinistralidade dos traballadores autónomos e seguimento, análise e avaliación das ferramentas informáticas postas a disposición do colectivo de autónomos polo INSST.

Grupo de traballo de construción

Finalidade: a análise e seguimento da aplicación da normativa de prevención de riscos laborais ao sector da construción.

Grupo de traballo do sector agrario

Finalidade: estudo e seguimento da aplicación da normativa preventiva no sector agrario, estudo dos temas específicos do seu ámbito de actuación, así como as actividades derivadas destes estudos. Hai dous subgrupos que funcionan asociados a este grupo nos que tamén participa o Issga:

- Subgrupo Riscos laborais e xénero no sector agrario
- Subgrupo Maquinaria agrícola
- Subgrupo de traballo Seguimento de Propostas GT Sector Agrario

Grupo de traballo de valores límite

Finalidade: implantar e actualizar anualmente un sistema nacional de valores límite indicativos, referidos á exposición a axentes químicos no ambiente de traballo, co fin de previr os posibles riscos que puidesen entrañar para os traballadores.

Cada ano o grupo eleva ao pleno para a súa aprobación o documento Límites de exposición profesional para axentes químicos en España.

Grupo de traballo de seguridade viaria laboral

Finalidade: estudo dos accidentes de tráfico laborais. Os traballos deste grupo oríéntanse aos seguintes obxectivos:

- Analizar os datos estatísticos dos accidentes de tráfico laborais.
- Analizar a problemática derivada dos accidentes de tráfico laborais en xornada de traballo e propoñer medidas que se deban adoptar.

Grupo de traballo do sector marítimo pesqueiro

Os traballos do grupo oríéntanse a:

- Estudar a información existente sobre condicións de traballo no sector pesqueiro e elaborar propostas para a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo no devandito sector.
- Recompilar os instrumentos e as ferramentas deseñadas a nivel nacional e enfocadas cara á avaliación de riscos e prevención da sinistralidade neste sector.
- Promover os instrumentos e as ferramentas deseñadas a nivel nacional e enfocadas cara á avaliación de riscos e prevención da sinistralidade neste sector.

Subgrupo de traballo de cerco con xareta

Subgrupo que depende do Grupo de Traballo do Sector Marítimo Pesqueiro.

Establecemento dos requisitos para a realización dun estudo para o deseño de procedementos de largado da arte de cerco con xareta en buques pesqueiros, considerando as posibilidades de implantación dos ditos procedementos no sector.

Subgrupo EEPP

Finalidade: mellorar a formación e información específica dos profesionais sanitarios dos servizos de prevención, da atención primaria de saúde e das entidades xestoras e colaboradoras do sistema da Seguridade Social en relación cos riscos profesionais no sector e as enfermidades derivadas.

Grupo de traballo notificación e rexistro de AT

Finalidade: identificar as oportunidades de mellora baseada na análise da información facilitada polas CC.AA, a ITSS e outros axentes, sobre o estado de situación e debilidades do sistema Delt@.

Grupo de traballo Sílice cristalina respirable

Finalidade: Análise e seguimento da aplicación da normativa de canceríxenos en procesos ou actividades onde haxa presenza de SCR e elaboración de propostas de mellora. Definir unha metodoloxía e desenvolver un mapa de exposición a sílice cristalina respirable por actividades prioritarias.

AGE-CCAA PROPOSTOS POLO INSST ÁS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Grupo de traballo: Base de situacións de traballo - caracterización de situacións de exposición a axentes químicos (BASEQUIM)

Finalidade: crear unha base de datos de situacións de traballo que impliquen exposición potencial a axentes químicos e que sirva de consulta e referencia en situacións reais similares ás que describa a base.

Grupo de traballo: Análise cualitativa da mortalidade por accidente de traballo

Finalidade: coñecer as causas dos accidentes de traballo e as características asociadas relevantes para a súa prevención. Na actualidade recollen información sobre os accidentes graves ocorridos e mortais, de acordo cos cambios metodolóxicos introducidos a partir do 01/01/08.

Grupo de traballo: axentes canceríxenos ou mutáxenos

Finalidade: coñecer o grao de aplicación do Real Decreto 665/1997, identificar as principais dificultades que poidan existir para a aplicación deste real decreto e buscar criterios comúns nesta materia. Así mesmo, coñecer unha estimación do número de traballadores potencialmente expostos a axentes canceríxenos ou mutáxenos.

Grupo de traballo: PREVENCIÓN10-es

Finalidade: intercambio de experiencias sobre a implantación nas pemes do servizo público Prevencion10.es, así como coñecer os datos de explotación do servizo para ir

abordando posibles melloras e actuacións encamiñadas á mellor difusión de Prevencion10.es.

Grupo de traballo: Enfermidades profesionais

Finalidade: contribuír á prevención dos riscos laborais que están a xerar as enfermidades profesionais, mellorar a protección da saúde laboral das persoas traballadoras e asesorar ás empresas e servizos de prevención para a xestión destes danos profesionais. Todo iso, a través de xerar un coñecemento sobre o comportamento, distribución e causas das enfermidades profesionais e daquelas outras que se relacionan coas condicións de traballo, promovendo a aplicación de métodos e estratexias de epidemioloxía laboral de campo, como base para a toma de decisións na priorización de plans de actuación e programas de prevención das enfermidades profesionais por parte das Administracións Públicas con competencias en materia de Seguridade e Saúde no Traballo e morbilidade de orixe laboral.

Grupo de traballo: Límites de exposición profesional

Finalidade: presentar propostas para a inclusión ou modificación dos valores límites de exposición profesional recollidos no documento anual de Límites de Exposición Profesional para axentes químicos en España (LEP) e elaboración dos Documentos toxicolóxicos para o establecemento de valores límites de exposición profesional.

Grupo de Traballo: Análise dos accidentes leves no sector pesqueiro

Finalidade: obter información dos accidentes leves no sector pesqueiro producidos e investigados polas CC AA para a súa caracterización e determinación de causas.

REDE INTERTERRITORIAL DE SST

Grupo de traballo: Integración da perspectiva de xénero en PRL

Finalidade: crear unha rede de traballo e colaboración que permita coñecer a realidade da integración da perspectiva de xénero na PRL.

Grupo de traballo: Xestión de riscos psicosociais

Finalidade: desenvolvemento de proxectos técnicos ou accións conxuntas específicas co obxectivo de impulsar que se realice a xestión dos riscos psicosociais nas empresas.

Grupo de traballo: Amianto

Finalidade: desenvolver, conxuntamente, liñas de traballo para mellor comunicación e o intercambio de información e coordinación de actuacións que melloren os traballos con amianto.

Grupo de traballo: Coordinación de actividades formativas e divulgativas

Finalidade: coordinación e atención das necesidades formativas e divulgativas dos membros da Rede a través de actuacións como o intercambio de información sobre as

necesidades formativas e divulgativas existentes que poidan ser impartidos por persoal técnico da Rede ou a planificación das accións formativas e divulgativas de maneira organizada e coordinada para dar unha resposta adecuada ás necesidades formuladas.

Grupo de traballo: Mellora da calidade dos servizos de prevención

Finalidade: mellorar a calidade das actividades preventivas desenvolvidas polos servizos de prevención. Mellorar a coordinación entre os órganos da Administración implicados nas acreditacións e autorizacións dos SP e no seguimento das súas actividades.

UNE (ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE NORMALIZACIÓN)

Comité Técnico CTN-UNE 81 "Medios de Protección Persoal e Colectiva"

Finalidade: participación, a nivel internacional, no Comité técnico de normalización encargado dos traballos en materia de seguridade e saúde no traballo.

4.5.3 Grupos de traballo con outras comunidades autónomas

Grupo CANO

Este grupo está formado polos institutos de seguridade e saúde laboral de Galicia (Issga), Asturias (IAPRL), Cantabria (ICASST) e País Vasco (OSALAN).

Finalidade: elaboración conxunta de publicacións sobre seguridade e saúde laboral dos traballadores e traballadoras das comunidades autónomas de Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco.

4.5.4 Outros

Comité de verificación de empresas saudables

Finalidade: seguimento do programa de recoñecemento de boas prácticas das empresas en promoción da saúde.

Rede española de seguridade e saúde no traballo

Finalidade: posta en común de aspectos de interese sobre a PRL entre órganos das administracións públicas, sindicatos e organizacións empresariais.

4.6 Xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades

O Issga colaborou na organización de actividades formativas coas entidades que se relacionan.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Centro Issga. Lugo

- Xornada técnica sobre os primeiros auxilios en diversos ciclos formativos de hostalaría do IES de Foz

Centro Issga. Lugo

- Xornada formativa sobre primeiros auxilios no CFEA de Lourizán (Pontevedra)

Centro Issga. Pontevedra

- Visita do IES Politécnico de Vigo ás instalacións do centro Issga_Pontevedra do alumnado do ciclo superior de prevención de riscos profesionais no que visitaron o Laboratorio de Referencia de Hixiene Analítica, o circuíto de Medicina e a Escola Galega de Prevención

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Centro Issga. A Coruña

- Xornada sobre idadeismo e mercado laboral. Discriminación e protección da saúde, dentro do Campus Igualdade Laboral, cunha exposición sobre a necesidade de incorporar a perspectiva de idade e xestión preventiva (e empresarial) para contribuír á sostibilidade do emprego, a un emprego de calidade e ao benestar laboral

Centro Issga. Lugo

- Xornada sobre prevención de riscos laborais con perspectiva de xénero, dentro do Campus Igualdade Laboral, cunha exposición sobre a perspectiva de xénero na saúde laboral

Academia Galega de Seguridade Pública

Centro Issga. Pontevedra

- Xornada sobre normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas cunha exposición sobre a montaxe de instalacións portátiles e desmontables

Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Issga. Servizos centrais

- Sesión formativa para o alumnado do Máster en Xestión e Dirección Laboral e de Grao da Facultade de Relacións Laborais da USC

Fundación Laboral da Construción

Centro Issga. Pontevedra

- Participación na xornada técnica en Santiago de Compostela sobre traballos temporais en altura: innovación e novas solucións cunha exposición de posta en práctica da normativa sobre andamios
- Participación nunha sesión técnica en Vigo sobre solucións específicas: ambiente pulvixeno, vibracións e dispositivos con prevención activa cunha exposición sobre a evolución da exposición a po de sílice cristalina respirable

Clúster da Pizarra de Galicia

Centro Issga. Ourense

- Participación nunha xornada sobre seguridade laboral na Asociación Galega de Pizarrista en Sobrado de Valdeorras cunha exposición sobre a tipoloxía dos accidentes da pizarra

Sindicato Naciional de Comisi3ns Obreiras de Galicia (CCOO)

Issga. Ourense e servizos centrais

- Participación nunha xornada técnica sobre saúde mental e a súa relación co traballo en Santiago de Compostela

Confederación Intersindical Galega (CIG)

Centro Issga. A Coruña e Lugo

- Participación nunha xornada técnica sobre prevención de riscos laborais para traballadores/as de piscifactorías en Cervo cunhas exposicións sobre a organización legal da prevención, riscos hixiénicos nas piscifactorías e as condicións de seguridade

Lugomadera

Centro Issga. Lugo

- Participación con motivo do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo nunha xornada sobre a seguridade no sector forestal nunha mesa sobre a mellora continua na planificación e xestión preventiva nas empresas do sector forestal

QuironPrevención

Centro Issga. A Coruña

- Participación na xornada "Avanzando na empresa saudable" cunha exposición sobre a promoción da saúde na empresa no Círculo de Empresario de Galicia en Vigo

Confederación de Empresarios da Coruña

Centro ISSGA. A Coruña e servizos centrais

- Participación nunha sesión do Foro Técnico de PRL no Polígono de Sabón - Arteixo con motivo do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo, no que se presentaron os marcos estratéxicos en materia de seguridade e saúde laboral que guiarán o traballo nos próximos anos e o Plan de actuación do Issga para 2023
- Participación nunha sesión do Foro Técnico de PRL no Polígono de Sabón - Arteixo sobre os restos de futuro da seguridade e saúde no traballo cunha exposición sobre a situación actual da seguridade e a saúde explicando as diferentes áreas de actuación preventiva en Galicia así como sobre os retos que se nos presentan de cara ao futuro
- Participación nunha sesión do Foro técnico de PRL no Polígono de Sabón - Arteixo cunha exposición sobre a cultura do benestar laboral no marco actual

Confederación de Empresarios da Coruña e QuironPrevención

Centro Issga. A Coruña

- Participación nunha xornada para explorar os plan de saúde nas empresas, como unha ferramenta competitiva, cunha exposición sobre a visión do Issga da promoción da saúde no traballo

5. Relacións con outros organismos

5.1 Convenios e acordos de colaboración

- Protocolo xeral de actuación entre a Dirección Xeral de Tráfico e o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia da Xunta de Galicia
Data de sinatura: 22/03/2023

5.2 Coordinación con outros organismos da Administración

Xunta de Galicia

- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
 - Consello Reitor do Issga
- Dirección xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
 - Rede de Comunicación dos Accidentes Laborais (112)
 - Grupos de acción dos Plans de emerxencia exterior de Galicia (PEE)
- Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
 - Remisión da memoria anual referida ao período de actividades do ano 2022 conforme ao artigo 22.h do Decreto 165/2014
- Escola Galega de Administración Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública
 - Colaboración na realización de cursos de formación
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade
 - Consello Reitor do Issga
 - Comunicación de datos de terceiros obrigados ao pagamento
- Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade
 - Desenvolvemento dunha unidade docente de Medicina do Traballo
 - Reunións técnicas para a colaboración en investigación de enfermidades profesionais e vixilancia da saúde, incluída a postocupacional, dos traballadores expostos a risco por amianto
 - Plataforma de saúde laboral para a comunicación de sospeitas de enfermidade profesional
- Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación
 - Consello Reitor do Issga

Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)

- En materia de seguridade e saúde no traballo

Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST)

- Presenza na Rede de Institutos de Seguridade e Saúde Laboral
- Asistencia e participación en xornadas
- Colaboración na elaboración de normativa e guías técnicas
- Adhesión ao 'Programa europeo de promoción da saúde nos centros de traballo', liderado polo Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST) e que ten por obxectivos mellorar a organización e as condicións de traballo, promover a participación activa e fomentar o desenvolvemento individual.

Outros institutos de seguridade e saúde laboral

- Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais (Osalan), Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo (ICASST) e Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)

Outros organismos

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade segue a levar a cabo o plan autonómico contra o emprego non declarado en Galicia, que realiza en coordinación co Estado. Esta campaña está dirixida a reforzar as inspeccións para detectar faltas de alta na Seguridade Social e loitar fundamentalmente contra o fraude de prestacións no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo
 - Rede Europea e Rede Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo
- Instituto Social da Mariña
 - Colaboración cos representantes do sector pesqueiro para a prevención de riscos laborais no mar
 - Plan Vixía

6. Actuación técnica

6.1 Tarefas de investigación e asistencia técnica (Artigo 3, parágrafo 2b da Lei 14/2007)

Lévanse a cabo as seguintes actuacións:

6.1.1 Investigación de accidentes leves, graves e mortais (Lei 14/2007 funcións Issga artigo 4a, 4f)

A investigación dos accidentes de traballo permite coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación

de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións. Ademais, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.

A este respecto, cabe recordar que unha das funcións do instituto é analizar, investigar e avaliar as causas e os factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, establecendo un carácter sectorial e territorial, abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.

A continuación indícase o número de investigación de accidentes de traballo que se realizaron no ano 2023, por parte do persoal técnico do Issga:

Investigacións de accidentes	Mortais	Graves	Leves	Totais
Totais	22	225	28	276

6.1.2 Investigación de accidentes consonte o Convenio coa Fiscalía

Consonte o protocolo de coordinación asinado entre a Xunta de Galicia e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, trátase neste caso de investigar, a requirimento e con presteza, os accidentes que poidan dar lugar á esixencia de responsabilidades penais.

Investigación de accidentes consonte o convenio coa Fiscalía	Mortais	Graves	Leves	Totais
Totais	19	8	2	29

6.1.3 Investigación de enfermidades profesionais

O cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social publicouse no Real decreto 1299/2006 do 10 de novembro (BOE do 19.11.2006). Como base para a súa prevención realízanse informes das enfermidades profesionais mortais e graves, e as leves con algunha significación singular, e remítense os informes correspondentes á ITSS.

A investigación permite coñecer as causas que as provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións. Considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.

A continuación indícanse as enfermidades profesionais investigadas polo persoal dos equipos técnicos de medicina do traballo do Issga, diferenciadas por sector de actividade e grupo de clasificación:

	Grupo de Enfermidade Profesional						Totais
	1	2	3	4	5	6	
Investigacións Enfermidades Profesionais	9	27	7	40	22	-	105
Nº Visitas	14	33	8	43	28	-	126
Informes	11	27	6	35	18	-	97

NOTA ACLARATORIA:

Grupo 1: enfermidades profesionais causadas por axentes químicos

Grupo 2: enfermidades profesionais causadas por axentes físicos

Grupo 3: enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos

Grupo 4: enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros puntos

Grupo 5: enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros puntos

Grupo 6: enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos

6.1.4 Sospeitas de enfermidades profesionais

Ademais das enfermidades profesionais, tamén se investigan as sospeitas de enfermidades profesionais en colaboración coa autoridade sanitaria. Lévese a cabo un asesoramento técnico en saúde laboral no circuíto de comunicación de sospeita de enfermidades profesionais e intercambio de información sobre os casos comunicados.

A continuación indícanse as sospeitas de enfermidades profesionais investigadas polo persoal dos equipos técnicos de medicina do traballo do Issga, diferenciadas por sector de actividade e grupo de clasificación:

	Grupo de Enfermidade Profesional						Totais
	1	2	3	4	5	6	
Sospeitas de enfermidades profesionais	3	87	2	12	5	-	109

NOTA ACLARATORIA:

Grupo 1: enfermidades profesionais causadas por axentes químicos

Grupo 2: enfermidades profesionais causadas por axentes físicos

Grupo 3: enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos

Grupo 4: enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros puntos

Grupo 5: enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros puntos

Grupo 6: enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos

6.1.5 Actuacións dos técnicos habilitados

Dispónse de doce prazas de técnicos habilitados pola autoridade laboral para levar a cabo actuacións comprobatorias das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo radicados en Galicia segundo o regulado no Decreto 138/2007, e consonte á convocatoria aberta coa Orde do 11 de outubro de 2007 da Consellería de Traballo.

O número total de actuacións dos técnicos habilitados foron 639 que afectaron a 279 empresas.

6.1.6 Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores (inclúense as asistencias prestadas aos tribunais de xustiza en función do artigo 4f da Lei 14/2007)

O Issga, como organismo técnico de referencia, e consonte os fins que lle asigna a Lei 14/2007, presta asesoramento e asistencia técnica ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais, para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e realiza a análise das condicións de traballo cando así o solicita calquera das partes implicadas na prevención de riscos laborais, ou mesmo a autoridade xudicial.

A actuacións de asistencia técnica a requirimento foron 63. Nestas actuacións se inclúen as asistencias a persoal traballador ou sindicatos, ás administracións públicas (Inspección de Traballo e Seguridade Social, xulgados, Consellería competente en materia de educación, e outras), así como as consultas técnicas recibidas.

6.2 Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral

As decisións da autoridade laboral deben ter en conta aspectos técnicos. Neste eido, o Issga préstalle o seu apoio ou ben ten asumida a xestión dos seguintes procedementos administrativos:

- **Informes técnicos**

Elabóranse o 100% dos informes técnicos solicitados pola autoridade laboral:

Informes técnicos emitidos	
Informes sobre coeficientes redutores á idade de xubilación	3
Informes sobre acreditación de servizos de prevención	1
Informes sobre acreditación de entidades auditoras	1

6.3 Asesoramento (artigo 3 parágrafo 2c Lei 14/2007)

Desenvolvéronse as seguintes accións de asesoramento sobre aspectos técnicos e organizativos:

6.3.1 En colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

- **Seguimento de grandes obras de construción e obra civil**

O número de accións do persoal técnico do Issga indícase no seguinte cadro:

Plan de actuacións en grandes obras	Totais
Visitas	8
Actuacións	23
Investigación de accidentes	2
Núm. de empresas	51

■ Plan sectorial de pesca

O sector pesqueiro continúa sendo un dos primeiros axentes da economía galega e tamén un dos que se consideran tradicionalmente como de alto risco por mor de peculiaridades como a inseguridade propia derivada de traballar nun barco, que é unha superficie móbil e relativamente inestable, a exposición a condicións climáticas adversas, a inexistencia de xornadas fixas de traballo e descanso, e as condicións de habitabilidade e hixiene dos barcos, que son a un tempo centros de traballo e vivenda.

Isto fai que o labor de prevención dos riscos deste sector presente unha gran dificultade, co engadido de que os accidentes que atinxen ao barco (envorcadura, afundimento) afectan toda a tripulación, e non se poden adoptar medidas inmediatas especialmente cando se atopan en mar alto.

No 2023 desenvolvéronse 19 das actuacións de asesoramento neste sector.

6.3.2 Accións propias do Issga: plans sectoriais

Trátase de actividades planificadas, fundamentalmente de carácter sectorial e fronte a riscos determinados, que inciden en determinados aspectos concretos da prevención de riscos laborais, contribúen tanto á redución da sinistralidade e das enfermidades profesionais, como a desenvolver unha cultura preventiva nos sectores produtivos onde é máis necesaria.

Enmarcáronse dentro dos plans ou programas e coas actuacións que se reflicten no seguinte cadro:

	Total actuacións
Programa por sectores de actividade	352

■ Outras actuacións técnicas

Encadradas no Plan de actividades do Instituto para o 2023, tamén se desenvolveron as actividades que se indican a continuación:

	Total actuacións
Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI), expedientes	171

Nos equipos de valoración de incapacidades (EVI) do Instituto Nacional da Seguridade Social un técnico do Issga actúa como experto en seguridade e saúde laboral.

	Total actuacións
Asistencia a grupos de traballo técnicos	103

Contabilízanse as asistencias por parte do persoal técnico do instituto ás reunións dos grupos de traballo técnicos formalmente constituídos.

6.4 Accións formativas

Dirixidas a traballadores, empresarios, dirixentes sindicais, directores técnicos de empresas e institucións públicas, técnicos e profesionais da prevención de riscos laborais, etc.

A oferta formativa do Issga dáse a coñecer fundamentalmente a través da páxina web. No ano 2023 realizáronse as seguintes accións formativas:

6.4.1 Cursos

FORMACIÓN EN LIÑA

En liña	Núm. accións	Núm. alumnos
Cursos de PRL en liña - Nivel básico - 60 horas	9	864
Cursos de PRL en actividades de tempo libre en liña - Nivel básico - 60 horas	1	96
Cursos de PRL en liña para persoal traballador autónomo - Nivel básico - 60 horas	1	60
	11	1020

Dentro dos cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña de 60 horas, un deles fíxose en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e dedicóuselle un módulo aos riscos específicos das actividades de tempo libre. Así mesmo, tamén se organizou un curso específico para o persoal traballador autónomo.

- **Curso de prevención de riscos laborais en liña. Nivel básico 60 h (9 edicións)**
 - Do 7/3/2023 ao 5/5/2023: T01, T02 e T03
 - Do 18/4/2023 ao 16/6/2023: T01, T02 e T03
 - Do 19/9/2023 ao 27/11/2023: T01, T02 e T03
- **Curso básico de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre en liña. Nivel básico. 60 h**
 - Do 26/9/2023 ao 24/11/2023

- Curso de prevención de riscos laborais para traballadores autónomos en liña. Nivel básico. 60 h

- Do 28/3/2023 ao 4/5/2023

FORMACIÓN PARA UN TRABAJO SEGURO

- Para persoal traballador e peme

Curso	Nº edicións	Asistentes
Prevención de riscos laborais no sector forestal, sobre o manexo seguro da motosierra e rozadoira_15 horas	6	89
Prevención de riscos laborais en tarefas de axuda a domicilio e atención á dependencia_16 horas	8	111
Prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral _10 horas	5	65
TOTAL		265

- Para o alumnado de formación profesional

Curso	Nº edicións	Total prazas
Prevención de traballos con amianto. Xestión, manipulación e tratamento_4 horas	5	131
Prevención de riscos nas amoladoras_4 horas	5	114
Riscos en carpinterías de madeira_4 horas	5	147
Traballos en altura: seguridade en escaleiras manuais_6 horas	12	182
Gamificación para avanzar na prevención de riscos laborais no sector forestal_15 horas	6	73
Técnicas e sistemas de seguridade aplicables aos traballos en altura_16 horas	2	21
Prevención de risco químico no traballo en salóns de peiteado_4 horas	8	166
TOTAL		834

6.4.2 Xornadas técnicas

Modalidade WEBINAR

Data	Webinar	Asistentes
18/04/23	Benestar psicoemocional	63
23/06/23	Innovación e boas prácticas de sensibilización fronte ao ruído de xeito visual e atractivo	94
19/09/23	De 'Millennial' a 'Jubillennial', xestión da diversidade xeracional	98
10/10/23	Prevención e actuación en relación coa 'Lipoatrofia semicircular' dende o punto de vista laboral	92
25/10/23	Xestión do retorno ao traballo logo dunha incapacidade temporal de longa duración causada por un trastorno musculoesquelético	120
07/11/23	Criterios na utilización dunha plataforma elevadora móbil de persoas	174

Data	Webinar	Asistentes
21/11/23	Hábitos saudables e enerxía emocional positiva no traballo	214
TOTAL		855

Modalidade MIXTA – Presencial e streaming

Data		Asistentes
31/05/23	Promoción da saúde no lugar de traballo. Moverse máis e mellor	198
16/06/23	Axentes canceríxenos e sílice cristalina 151	151
TOTAL		349

Modalidade PRESENCIAL

Data		Asistentes
22/03/23	PRL en traballos temporais en altura: NON TE CAIAS DA ESCADA	91
23/03/23	PRL nas carpinterías: NON TE CORTES	35
23/03/23	Prevención dos TME: ESTUDO ERGONÓMICO NO SECTOR DA AUTOMOCIÓN	14
13/04/23	Prevención das enfermidades profesionais da voz no ámbito docente	11
27/04/23	Seguridade na instalación e mantemento de paneis solares	110
29/06/23	A investigación de accidentes como técnica preventiva	13
03/10/23	Xestión da idade e PRL	33
TOTAL		307

Modalidade PRESENCIAL_Alumnado de formación profesional

Data		Asistentes
07/03/23	Materiais con amianto e saúde laboral. Xestión de amianto_CIFP A Granxa	24
29/03/23	PRL no sector agrario. Campaña "A túa vida sen voltas"_Monforte_1	60
31/03/23	PRL no sector agrario. Campaña "A túa vida sen voltas"_Monforte_2	33
TOTAL		117

6.5 Hixiene analítica

No seu Plan de Actuación 2023, o Issga establece para o Laboratorio de referencia de hixiene analítica (LHA) a actuación consistente na realización das determinacións analíticas demandadas por entidades ou as precisas no desenvolvemento das actividades de investigación e control propias do Instituto. O Issga pon á disposición das persoas interesadas o servizo consistente na realización de determinacións analíticas de mostras ambientais e biolóxicas procedentes da exposición a axentes químicos.

As mostras analizadas polo LHA son tanto mostras ambientais (metais, materia particulada, compostos orgánicos volátiles, formaldehído, fibras,...) como mostras biolóxicas (sangue, soro, urina,...) dos traballadores procedentes da exposición a axentes químicos.

O LHA está acreditado como laboratorio especializado na análise (reconto) de fibras de amianto, coa contrasinal de acreditación GA-ALA nº1, segundo se recolle na Resolución do 19 de novembro de 2014, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (BOE nº 10, do 12/01/2015). A última revisión desta acreditación levouse a cabo durante ano 2022. Esta acreditación establece que o Laboratorio de Hixiene Analítica do Issga cumpre cos termos especificados no protocolo para a acreditación de laboratorios especializados na análise (reconto) de fibras de amianto consonte ao establecido no Anexo II do Real decreto 396/2006, confirmando a capacidade técnica do Laboratorio segundo a normativa vixente.

A continuación resúmese a actividade do Laboratorio de Referencia de Hixiene Analítica durante o ano 2023 que, fundamentalmente, ten que ver co mantemento do sistema de calidade e coa realización de determinacións analíticas.

Mantemento do sistema de calidade. Nesta área inclúense todas aquelas actividades documentais e de xestión que permiten manter o sistema de calidade do laboratorio para garantir o correcto funcionamento do LHA e darlle fiabilidade aos seus resultados. Tamén se inclúen neste apartado, a participación en programas de control de calidade interlaboratorio organizados polo Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST). Na actualidade o LHA do Issga participa nos seguintes Programas interlaboratorio de control de calidade do INSST:

- **PICC-Met:** determinación de metais en filtros de membrana por espectrofotometría de absorción atómica (Cd, Cr, Ni e Pb)
- **PICC-VO:** determinación de vapores orgánicos en tubos de carbón activo por cromatografía de gases (n-hexano, ciclohexano, benceno, etilbenceno, tolueno, m-xileno, clorobenceno, 1,1,1-tricloroetano, acetato de etilo e acetato de n-butilo)
- **PICC-Gr:** determinación de materia particulada en filtros por gravimetría (filtros de PVC e filtros de FV)
- **PICC-FA:** contaxe de fibras en filtros por microscopía óptica con contraste de fases
- **PICC-MetU:** determinación de metais en urina por espectrofotometría de absorción atómica-vapor frío (Cr e Hg)

Realización de determinacións analíticas. A actividade analítica resúmese en catro táboas, das que a Táboa 1 fai referencia á actividade do laboratorio en relación ao número de mostras; a Táboa 2, ao número de análises; a Táboa 3, ao número de determinacións

realizadas e a Táboa 4, ao número de mostras, análises e determinacións, segundo o tipo de mostra. Todas as táboas diferencian a actividade tanto por programas como por técnicas analíticas. O período comprendido é o que vai do 01.01.2023 ao 31.12.2023.

TÁBOA 1. Número de mostras segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Programa de actividade				Total
	LHA1	LHA2	LHA3	C.I.	
Cromatografía de gases	17			6	23
HPLC		12	12		24
Espectrofotometría de absorción atómica	27		9	28	64
Gravimetría	40			20	60
Microscopía	12				12
Total	96	12	21	54	183

LHA 1. Aseguramento da calidade

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos

LHA 3. Análises externas

C.I. Controis internos

TÁBOA 2. Número de análises segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Programa de actividade				Total
	LHA1	LHA2	LHA3	C.I.	
Cromatografía de gases	34				34
HPLC		12	12		24
Espectrofotometría de absorción atómica	47		54		101
Gravimetría	128				128
Microscopía	24				24
Total	233	12	66		311

LHA 1. Aseguramento da calidade (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 3. Análises externas (inclúe os correspondentes controis internos)

C.I. Controis internos

TÁBOA 3. Número de determinacións segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Programa de actividade				Total
	LHA1	LHA2	LHA3	C.I.	

Cromatografía de gases	458				458
HPLC		24	24		48
Espectrofotometría de absorción atómica	156		54		210
Gravimetría	384				384
Microscopía	24				24
Total	1022	24	78		1124

LHA 1. Aseguramento da calidade (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 3. Análises externas (inclúe os correspondentes controis internos)

C.I. Controis internos

TÁBOA 4. Número de mostras, análises e determinacións segundo o tipo de mostra

Tipo de mostra	Mostras	Análises	Determinacións
Filtros metais	21	27	120
Filtros materia particulada	60	128	384
Filtros fibras	12	24	24
Tubo de carbón activo	22	33	452
Tubo sílica xel_DNPH	24	24	48
Mostras biolóxicas	43	74	90
Materiais	1	1	6
Total	183	311	1124

6.6 Medicina do traballo

Os catro centros territoriais do Issga dispoñen de instalacións sanitarias autorizadas en Medicina do Traballo e análises clínicas para facer recoñecementos médicos segundo as actividades programadas no Plan anual de actividades do Issga, fundamentalmente a traballadores e traballadoras autónomos. Estas actividades permiten o desenvolvemento de estudos epidemiolóxicos en saúde laboral para a identificación de enfermidades laborais vinculadas a riscos novos e emerxentes e analizar a súa correlación coas condicións de traballo, contribuíndo a visibilizar as enfermidades profesionais. Ademais, permite mellorar o coñecemento das patoloxías profesionais e coñecer as actividades con máis risco.

Recoñecementos médicos	308
Análises clínica	308
Probas médicas complementarias	
Probas auditivas	338
Probas respiratorias	314
Probas visuais	1810
Probas cardíacas	311
Probas radiolóxicas	12
Outras probas	1461
Número de determinacións analíticas	12804
P. Hematolóxico (Nº probas x Nº traballadores)	5467
P. Bioquímico (Nº probas x Nº traballadores)	3911
Probas ouriños (Nº probas x Nº traballadores)	3366
Perfil serolóxico (Nº probas x Nº traballadores)	60

Ademais, participan noutras actividades:

- Elaborar guías de boas prácticas en determinados sectores laborais, guías de vixilancia da saúde e documentos técnicos en saúde laboral.
- Investigación dos casos de sospeita de enfermidade profesional que derivan os facultativos de Atención Primaria do SERGAS a Inspección Médica e elaboración do informe á autoridade sanitaria, o que permitirá avaliar e coñecer como están a influír as condicións de traballo na saúde da poboación traballadora; detectar novos factores e actividades de risco, identificar novas patoloxías e xerar coñecemento a partir dos danos e condicións de traballo implicados.
- Asesoramento á autoridade sanitaria das desviacións detectadas nas actuacións sanitarias dos servizos de prevención.
- Asesorar e orientar nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención, mediante o desenvolvemento de estudos en sectores feminizados.
- Formación de médicos residentes de Medicina do Traballo e dos enfermeiros residentes en Enfermaría do Traballo nos centros provinciais do Issga.
- Elaboración e deseño de mapas de risco específicos en colaboración con outras áreas técnicas.
- Investigacións de enfermidades profesionais e a súa prevalencia.
- Asesoramento técnico nas avaliacións de riscos ergonómicas e psicosociais de postos de traballo.

- Informes de asesoramento técnico sobre as enfermidades derivadas do traballo e a súa correlación coas condicións de traballo.
- O centro Issga de A Coruña participa xunto coa á Inspección Provincial de Traballo (IPTSS) na proba de ensaio da Guía de actuación da ITSS para a investigación das enfermidades profesionais a nivel nacional. Este proxecto está coordinado polo Instituto Nacional de Seguridade e Saúde Laboral no Traballo (INSST) e a Subdirección Xeral para a coordinación da Inspección de Traballo do Sistema de Relacións Laborais. Os institutos autonómicos de seguridade e saúde laboral das comunidades autonómicas á que pertencen as provincias de A Coruña, Alicante, Zaragoza y Madrid (elixidas pola súa experiencia e elevado número de investigacións de enfermidades profesionais) participan investigando as enfermidades profesionais elixidas da mostra definida, elaboran informes para a IPTSS e testan o procedemento deseñado e o conxunto harmonizado de datos para a mellora do procedemento
- Asesoramento técnico para a protección dos traballadores especialmente sensibles ou en situación de maternidade.
- Desenvolver formación específica e actualizada a través de xornadas técnicas na especialidade de Medicina do Traballo.

7. Directorio

Issga – Sede central

Edificio SL35
Avda. Fernando Casas Novoa, 35 B - 3º C-D
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tlf.: 981 957 018 / Fax: 881 999 433
Enderezo-e: issga.direccion@xunta.gal



Centro Issga A Coruña

Rúa Doutor Camilo Veiras, nº 8
15006 A Coruña
Tlf.: 981 182 329 / Fax: 981 182 332
Enderezo-e: issga.coruna@xunta.gal



Centro Issga Lugo

Ronda de Fingoi, nº 170
27071 Lugo
Tlf.: 982 294 300 / Fax: 982 294 336
Enderezo-e: issga.lugo@xunta.gal



Centro Issga Ourense

Rúa de Villaamil e Castro, s/n
32872 Ourense
Tlf.: 988 386 395 / Fax: 988 386 222
Enderezo-e: issga.ourense@xunta.gal



Centro Issga Pontevedra

Camiño Coto do Coello, nº 2
36812 Rande – Redondela
Tlf.: 886 218 100 / Fax: 886 218 102
Enderezo-e: issga.pontevedra@xunta.gal



8. Anexos

Documentos editados polo Issga no ano 2023





INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA

ISSGA

INFORME DE ACTUACIÓNS
E XESTIÓN

2022

SINISTRALIDADE LABORAL GALICIA 2023



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

issga.xunta.gal



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA
issga.xunta.gal



Riscos en carpinterías de madeira

NON TE CORTES





